

Mércores, 18 de novembro de 2020

Núm. 223

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
BUEU

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE ACCIÓN INVESTIGADORA RESPECTO DE CAMIÑO
EN COUMIÑÁN-MONTEMOGOS. PARROQUIA DE BELUSO*

Expediente: 2891/2020

Código SIA: 1428354

Procedemento: Potestades Administrativas de Carácter Patrimonial

Asunto: Investigación de oficio por mor da posible ocupación de camiño en Coumiñán-Montemogos. Lugar: Polígono 13, entre as parcelas 136 e 137. Coumiñán. Montemogos. Parroquia de Beluso.

Documento: Anuncio

Trámite: Anuncio incoación de expediente de acción investigadora respecto de camiño en Coumiñán-Montemogos. Parroquia de Beluso.

ANUNCIO

O Pleno da Corporación Municipal deste Concello, en sesión ordinaria celebrada con data 2 de novembro de 2020, acordou iniciar expediente de acción investigadora respecto do seguinte camiño:

- Situación: Coumiñán-Montemogos. Parroquia de Beluso. Entre as parcelas 136 e 137 do polígono 13.
- Superficie: Non se teñen datos.
- Lindeiros:
 - Polo Oeste a parcela 136 e polo Leste a parcela 137,
 - Polo norte comunica co camiño público IVBE-092 e
 - Polo Sur co camiño público IVBE-019.

Asemade se informa que a consulta do texto íntegro do citado acordo pode realizarse mediante a introdución na pestaña relativa a "INFORMACIÓN XERAL" apartado "validación de documentos" da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>) do seguinte código seguro de validación do documento: 7AJGLCPK69M3FG9KHAFPN57XG

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: M1ZFEK8YQ8OYJO4



Mércores, 18 de novembro de 2020

Núm. 223

Desde o día da data de devandita publicación no Boletín oficial de Pontevedra (BOPPO), exporase, así mesmo, un exemplar do Anuncio do BOPPO, no Taboleiro de anuncios físico, sito na planta baixa da casa consistorial do Concello de Bueu e no taboleiro electrónico do Concello de Bueu, ao que se accede na pestaña relativa a “INFORMACIÓN XERAL” apartado “Taboleiro electrónico” da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>), durante quince días hábiles, sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello (<https://concellodebueu.gal/>).

O que se fai público, en cumprimento do ordeado no citado acordo plenario e de conformidade co establecido polos artigos 49 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de Xuño, coa indicación de que o expediente referencia 2891/2020, do que trae causa o presente anuncio, sométese a información pública polo prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación deste anuncio no BOPPO, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.

Durante devandito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias do departamento de Secretaría do concello.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:M1ZFEK8YQ8OYJO4

